



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 202000008094

RESOLUCIÓN Nº 29193 DO 29/09/2020 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2020-ÁREA DE TEATRO E INTERPRETACIÓN ESCÉNICA

Don **Valentín González Formoso**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia n.º 26279, do 04 de setembro de 2020, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos 2020-Área de teatro e interpretación escénica e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fora o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido, Patricia Torres García Oubiña presentou un escrito ampliando o seu proxecto, no cal engade como formación complementaria o curso “Jammingturgia: Mitos griegos” que realizará en Madrid e o curso “Improvisación teatral avanzada” que realizará en Palma de Mallorca.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

1.- Aceptar a ampliación do proxecto de Patricia Torres García Oubiña

2.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: PÉREZ SÁNCHEZ, ALBA

NIF:***1356**

Expediente: 2020000019803

Obxecto da bolsa: Curso Profesional de Interpretación da Escola Internacional de Teatro Jacques Lecoq en París

Importe da bolsa: 9.000 €

Titular da bolsa: RUBIO MEJÍA, BEATRIZ

NIF:***7351**

Expediente: 2020000024897

Obxecto da bolsa: Programa Reciclagem (continuación e investigación) no INAC, Vilanova de Famalicao, Portugal

Importe da bolsa: 9.000 €

Titular da bolsa: TORRES GARCÍA OUBIÑA, PATRICIA

NIF: ***6135**

Expediente: 2020000028006

Obxecto da bolsa: Diplomado de improvisación teatral e diplomado de clown na Universidade do Bosque Bogotá, Colombia, e curso “Jammingturgia: Mitos griegos” en Madrid e curso “Improvisación teatral avanzada” en Palma de Mallorca.

Importe da bolsa: 9.000 €

3.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación nº 220200018500 , por importe total de 27.000 €

4.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1: Martínez Romero Martín, Gala

Suplente 2: Ricoy Guijarro, María Inmaculada

5.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.